

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO PRINCIPAL I-VI (CORDA FRETADA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (CORDA FRETADA)										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Corda fretada	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	6	6	6	6	6	6			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento ou voz e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso; e para os cuadrimestres seguintes, os adquiridos no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X11, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver unha postura corporal axeitada con respecto ó instrumento, así como unha técnica correcta na interpretación dos exercicios e obras.	Todas
Afondar no estudo técnico-artístico do instrumento, desenvolvendo o control sobre a afinación e o son, así como mostrar unha autonomía cada vez maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.	Todas
Desenvolver criterios musicais que fundamenten a interpretación de obras de cada época e estilo, baseándose nos coñecementos harmónicos, formais, históricos e estilísticos adquiridos	Todas
Manter hábitos de estudo regulares e coñecer os seus principios básicos aplicándoos á práctica diaria.	Todas
Interpretar un repertorio representativo de diferentes épocas e estilos	Todas
Mostrar interese por outras manifestacións artísticas da contorna	Todas

4. CONTIDOS
Recursos de técnica instrumental
O estilo interpretativo
Estratexias de aprendizaxe e estudo

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias.	Presenciais	Esporádicamente
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Práctica individual.	Non presenciais	Todo o cuadrimestre
Actividades de consolidación.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre.
Pescuda de información.	Presenciais/non presenciais	Todo o cuadrimestre
Actividades complementarias	Presenciais	Esporádicamente.
Audicións e/ou probas	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*